



# Normas para elaborar traballos e TFEs

## 1. INTRODUCCIÓN

A ESAD de Galicia establece estas Normas para a realización daqueles traballos académicos que teñan unha presentación impresa ou dixital convencional. O alumnado pode utilizar os impresos IP701.15 e IP701.16 como modelos para a redacción de TFEs ou traballos, respectivamente.

## 2. FORMATO XERAL DOS TRABALLOS

### 2.1 Tamaño do papel

DIN A4 (21 x 29,7 cm).

### 2.2 Marxe superior, inferior, esquerda e dereita

2,5 cm.

### 2.3 Tipos e tamaño de fonte

Acéptanse as seguintes fontes: Xunta Sans 11 puntos, Calibri 11 puntos, Arial 11 puntos, Times New Roman 12 puntos ou Georgia 11 puntos.

Unha vez seleccionada unha fonte e tamaño, débese empregar unicamente esa en todo o documento, incluso nos títulos. Como excepción só se admite cambiar o tamaño da fonte nas notas a pé de páxina.

### 2.4 Cores da escrita

Para o corpo do texto, negro (código hexadecimal #000000). Na xeración de **Títulos**, **TÁBOAS**, ou calquera outro **DESEÑO**, pódense empregar a vontade as seguintes cores:



Verde lima escuro	RGB	176	184	46	#B0B82E
Azul xeo	RGB	212	243	255	#D4F3FF
Azul corporativo da Xunta	RGB	0	123	196	#007BC4
Branco	RGB	0	0	0	#FFFFFF
Negro	RGB	0	0	0	#000000

## 2.5 Interliñado

Dobre. Exceptúanse deste interliñado dobre tanto as notas a rodapé (que irán aliñadas á esquerda) e as táboas e figuras, nas que pode empregarse tamén o interliñado sinxelo (1) ou o 1,5, segundo se considere máis conveniente.

## 2.6 Aliñación

Xustificada.

## 2.7 Espazado anterior e posterior dos parágrafos

Entre parágrafos non se establece ningún espazado. Pódese aplicar un espazado dunha liña tanto antes como despois dun título de nivel 1.

## 2.8 Sangría inicial

1,25 na primeira liña de cada parágrafo do texto, agás nos seguintes casos:

- na portada (toda a información vai centrada),
- nos títulos de nivel 1, 2 e 3 (aos títulos de nivel 4 e 5 aplícaselles sangría),
- en sección do documento (Resumo, Referencias bibliográficas, Apéndices... van centrados),
- no resumo / abstract, a primeira liña do parágrafo vai sen sangría,
- en citas de 40 ou máis palabras,
- no texto seguinte a numeracións e viñetas que se presenten no corpo do texto,
- na información inferior de táboas e figuras,
- nas notas a rodapé (que, a maiores, irán aliñadas á esquerda)
- e nas entradas de referencias bibliográficas (que levan sangría francesa).



## 2.9 Numeración das páxinas

Estará localizada na esquina superior dereita da páxina, agás na portada e nas follas sen numerar que se indican no apartado 4.2 destas Normas (autorización e informe da titoría do TFE, así como dedicatorias, agradecementos e táboa de contidos). A primeira folla numerada será a que veña despois da táboa de contidos, é dicir, a introdución ou primeiro capítulo do traballo.

Todas as follas non numeradas contabilízanse, incluída a portada, de xeito que a primeira folla numerada ben pode comezar co número 7 (ver exemplo do IP701.15 TFE Modelo memoria editable).

## 2.10 Notas a rodapé

Manterase a mesma fonte usada no corpo do texto, mais aplicando un tamaño menor, un interliñado sinxelo (1) e aliñación á esquerda.

## 2.11 Extensión

A que se determine nas normas de referencia do traballo ou TFE correspondente.

## 2.12 Títulos

Aconséllase un máximo de tres niveis de títulos, aínda que se aceptan ata cinco niveis. Cada un deles presentará a seguinte estrutura:

### 2.12.1 Título nivel 1

Número, punto e título do capítulo en letras maiúsculas, centrado, en negriña e sen punto final. Pode empregar algún xogo de cores entre as cinco admitidas: negro (#000000), branco (#FFFFFF), verde lima escuro (#B0B82E), azul xeo (#D4F3FF) e azul corporativo da Xunta (#007BC4).

Antes deste título nivel 1 pode establecerse un espazado dunha liña ou mesmo un salto de páxina. É opcional o establecemento dun espazado dunha liña despois deste título. Sexa como for, o texto posterior ao título iníciase nun novo parágrafo.

### 2.12.2 Título nivel 2



Número, punto, número e título do subcapítulo en letras minúsculas, aliñado á esquerda, en negriña e sen punto final. O texto posterior iníciase nun novo parágrafo.

### ***2.12.3 Título nivel 3***

Número, punto, número, punto, número e título do apartado do subcapítulo en letras minúsculas, aliñado á esquerda, en negriña, cursiva e sen punto final. O texto posterior iníciase nun novo parágrafo.

### ***2.12.4 Título nivel 4***

Número, punto, número, punto, número, punto, número e título do subapartado con sangría de 1,25, en letras minúsculas, aliñado á esquerda, en negriña e con punto final. O texto posterior iníciase na mesma liña.

### ***2.12.5 Título nivel 5***

Número, punto, número, punto, número, punto, número, punto, número e título con sangría de 1,25, en letras minúsculas, aliñado á esquerda, en negriña, cursiva e con punto final. No texto posterior iníciase na mesma liña.

### ***2.12.6 Exemplos dos cinco niveis de títulos***

## **1. TÍTULO NIVEL 1**

E a continuación, nunha liña diferente á do título, cunha sangría inicial de 1,25 cm, desenvólvese o parágrafo posterior ao título.

### **1.1 Título nivel 2**

E a continuación, nunha liña diferente á do título, cunha sangría inicial de 1,25 cm, desenvólvese o parágrafo posterior ao título.

#### ***1.1.1 Título nivel 3***

E a continuación, nunha liña diferente á do título, cunha sangría inicial de 1,25 cm, desenvólvese o parágrafo posterior ao título.



**1.1.1.1 Título nivel 4.** E a continuación, na mesma liña que a do título, desenvólvese o parágrafo posterior ao título.

**1.1.1.1.1 Título nivel 5.** E a continuación, na mesma liña que a do título, desenvólvese o parágrafo posterior ao título.

### 3. CITAS

As citas correspóndense con ideas que se toman doutras fontes de información. Sempre deben vir acompañadas dunha correcta atribución dos créditos de autoría, indicándose explicitamente:

- A **autora do texto**, mencionando o apelido ou apelidos que a autora emprega nas súas obras ou polos que é recoñecida. No caso de seren dúas autoras, os seus apelidos irán separados pola conxunción "e". No caso de seren tres ou máis autoras, citarase o apelido da primeira seguido de "et al."
- A **data de publicación** do texto aludido.
- De ser o caso, o **número ou números de páxina** onde aparece o fragmento citado.

Resulta especialmente importante:

- Citar preferiblemente fontes primarias e só en casos excepcionais acudir a fontes secundarias.
- Empregar, na elaboración dos textos, fontes fiables de información.
- Evitar o exceso de citas textuais e privilexiar o parafraseo, mais sempre atribuíndo a autoría da fonte.

#### 3.1 Citación narrativa e parentética

Hai dúas formas de realizar unha cita, dependendo do que se queira destacar con ela. Por un lado, temos a citación narrativa, na que se pon o foco no pensamento ou no



punto de vista da autora. Por outro lado, nas citas parentéticasponse o foco na idea expresada e non tanto na autoría.

### **3.1.1 Exemplos de cita narrativa**

Na citación narrativa, a autoría inclúese na redacción do parágrafo e a data do texto citadoponse entre paréntese. Exemplos:

Como ben sinala García (2013), o teatro non sucede no texto, senón nese espazo invisible que se crea durante cada representación entre elenco e público. Noutra orde de cousas, e analizando o movemento escénico, Cordeiro (2022) afirma que "o silencio dun actor no escenario comunica con máis forza que o berro máis altisonante do drama" (p. 114).

### **3.1.2 Exemplos de cita parentética**

Na citación parentética, tanto os datos da autoría como a data do texto citado aparecen entre paréntese. Exemplos:

A interpretación actoral non ten como finalidade a revelación de personaxes, senón actuar como un narrador silencioso do xogo de preguntas e respostas que xera a obra (Pardo, 2021). Esta idea confróntase cunha concepción anterior, segundo a cal a interpretación se concibía como simple "liberación da verdade profunda das personaxes". (Souto, 2020, p. 204)

## **3.2 Extensión das citas**

As citas textuais **inferiores a 40 palabras** integranse no corpo do texto e con comiñas, sen cursiva. Se nunha cita hai frases ou palabras con comiñas, a maiores das comiñas inicial e final poderanse empregar comiñas inglesas ( ' ' ).

As citas textuais **de 40 palabras ou máis** irán nun parágrafo aparte, sen comiñas, sangrado na súa totalidade (a 1,25) e sen sangría na liña inicial. Consérvase o tamaño da letra e o interliñado. O punto sitúase antes do paréntese. Exemplo:



O teatro posúe a estraña virtude de converter o efémero nalgo eterno a través da ollada do público. Cando as luces se apagan e o silencio se apodera da sala, prodúcese un pacto invisible entre elenco e público, permitindo que a ficción se sinta igual de real que a vida cotiá. (Esteiro, 2025, p. 16)

## 4. ESTRUCTURA DO TRABALLO

### 4.1 Portada

Deberá incluír:

- Logotipo da ESAD de Galicia



- Debaixo do logotipo, en Xunta Sans 11, aliñado ao centro, "Título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Arte Dramática na Especialidade de... [e itinerario se for preciso]"
- Título do Traballo/TFE en letra Xunta Sans 20, negriña, aliñado ao centro. Recoméndase que o título dun traballo non supere as 12 palabras.
- Nome da alumna ou alumno en maiúsculas e Xunta Sans 14, xustificado ao centro.
- En letras maiúsculas, aliñación ao centro e Xunta Sans 11, "TRABALLO FIN DE ESTUDOS" ou denominación da disciplina para a cal se envía o traballo.
- A seguir, o nome da docente a cargo da disciplina tamén en maiúsculas, aliñación ao centro e Xunta Sans 11. No caso dos TFE, indicarse o nome da titora, coa fórmula "titorizado por NOME APELIDO APELIDO".
- Finalmente, data de envío do traballo ou, no caso dos TFEs, data da defensa, en minúsculas, aliñación central e Xunta Sans 11.



- A seguinte imaxe corporativa da ESADg, aliñada ao centro:



- A portada non vai numerada pero contabilízase para a numeración.

## 4.2 Outras follas sen numerar

Nos TFE, logo da portada é obrigado incluír unha folla que conteña a autorización do titor/a asinada (código IP701.08a do SGIC da ESADg). Ademais, poderíase incluír despois un informe (opcional) da titoría (código IP701.08b). Despois destas, pódense incorporar follas destinadas a dedicatorias, agradecementos ou información similar. Finalmente, as últimas follas non numeradas son as que conteñen o resumo e palabras clave e a táboa de contidos.

Pese a non iren numeradas, todas estas follas contabilízanse, de xeito que cando a numeración se indique, terá que ter en conta todas as follas iniciais do traballo.

### 4.2.1 *Resumo e palabras chave*

O resumo debe ser un texto breve e claro sobre o contido do traballo. Exprésase en lingua galega, sen sangría inicial. Consiste nun único parágrafo cunha extensión entre 150 e 250 palabras. A continuación, no parágrafo seguinte, exprésase en cursiva e negriña **Palabras chave:** e logo indícanse entre 5 e 7 palabras chave separadas por coma.

Todo o contido expresado no resumo e nas palabras chave debe ser replicado a continuación en lingua inglesa, co mesmo formato. **Abstract** e **Keywords:** son as denominacións de ambos conceptos.

### 4.2.2 *Táboa de contidos*

Lista de todos os apartados do traballo, indicando número de páxina no que comeza cada apartado.



### 4.3 Corpo do traballo

A numeración comeza nestas páxinas. Para a redacción do traballo teranse en conta as seguintes normas:

- Os símbolos, siglas ou acrónimos deberán indicarse por extenso a primeira vez coa abreviatura entre paréntese ou incluír un índice destes no inicio do traballo e antes da táboa de contidos, aínda que estean normalizados.
- De existiren táboas, figuras, debuxos, imaxes... levarán sempre un pé explicativo e estarán numeradas de forma correlativa, con título, indicando autoría e procedencia, que de ser una páxina electrónica indicarse en nota a rodapé. A ilustración e o texto que lle serve de pé van con xustificación centrada.
- As notas a rodapé, de existiren, numeraranse consecutivamente. As referencias bibliográficas non se aceptan como notas a rodapé. A fonte da nota pode ser máis pequena que a fonte do texto e ter un interliñado diferente.

### 4.4 Referencias bibliográficas

Presentaranse ao final do traballo ou TFE, organizadas por orde alfabética. Todas as citas bibliográficas que se inclúan no texto do traballo deben ter a súa correspondencia nas referencias bibliográficas, sen incluír ningunha que non fose citada no corpo do texto.

### 4.5 Anexos

Incluirán información complementaria que axude a comprender, avaliar ou ampliar os datos que ofrece o traballo. Etiquétanse con letras, seguindo a súa orde de aparición no texto: Anexo A, Anexo B, Anexo C...

Cada anexo irá incluído despois das referencias bibliográficas e levará, ademais da súa etiqueta, un título que describa o seu contido de xeito breve.



## 5. NORMAS PARA A REFERENCIA BIBLIOGRÁFICA

As referencias bibliográficas dos traballos presentados na ESAD de Galicia deben seguir as normas APA, 7ª edición. Velaquí algúns dos casos máis frecuentes. Para outras referencias que aquí non veñan recollidas, débense consultar as anteditas normas.

### 5.1 Referencia de libros

Os libros son publicación extensas que contan co respaldo dunha casa editorial. Para a súa referencia básica seguirase esta estrutura:

Apellido/s, A. (Año de publicación). *Título do libro en cursiva* (número de edición). Nome da editorial. URL

Como se pode observar no exemplo anterior, no formato das referencias bibliográficas debe aplicarse a **sangría francesa**, é dicir, xustificar a primeira liña e logo, na segunda liña e nas seguintes, aplicar unha sangría de 1,25.

O **número de edición** engádese entre paréntese só no caso de que o libro teña máis dunha edición. Indícase en formato abreviado. Exemplo: (3ª ed.)

Se o libro ten **versión electrónica**, indícase a súa URL ao final da citación.

No caso de que o libro teña **autoría múltiple**, unha **persoa editora/coordinadora** ou estea **traducido doutra lingua**, a estrutura será:

Apellido/s, A., Apellido/s, B. B. e Apellido/s, C. (Año). *Título do libro*. Editorial.

Apellido/s, A. A. e Apellido/s, B. (Año). *Título do libro*. Editorial.

Apellido/s, A. (Año). *Título do libro na lingua da tradución*. (A. Apellidos da persoa tradutora, Trad; número de edición se é preciso). Editorial. (Traballo orixinal publicado no Año).

### 5.2 Referencia de capítulos de libros

Faise referencia a un capítulo dun libro cando conta cunha editora/coordinadora e os capítulos foron escritos por persoas diferentes. Neses casos, a estrutura é:



Apellido/s, A. e Apellido/s, B. (Año). Título do capítulo ou entrada. En C. C. Apellidos. (Ed.),  
*Título do libro* (pp. ##-##). Editorial.

### 5.3 Referencia de artigos impresos ou online

Apellido/s, A. (Año). Título do artigo. *Título da publicación na que apareceu o artigo en cursiva, número de volume en cursiva*, pp-pp. URL no caso de artigo online

### 5.4 Referencia de teses, TFM e TFG

Apellido/s, A. (Año). *Título da tese ou traballo* [Tese doutoral/Traballo final de mestrado/Traballo final de grao, Nome da institución que outorga o título]. Nome da base de datos. URL

### 5.5 Referencia de obras audiovisuais

Apellido/s da directora, A. (directora) (Año). *Nome do filme* [Filme]. Compañía produtora.

Apellido/s do produtor, A. (produtor). (Año). Nome da serie [Serie]. Productora.

Apellido/s, A. (Data). *Nome do vídeo* [Vídeo]. Fonte.

Apellido/s, A. A. e Apellido/s, B. B. (Año). *Título do podcast* [Podcast de audio ou vídeo]. URL

### 5.6 Referencia de publicacións en redes sociais

Apellido/s, A. A. [@usuario para Instagram ou similar]. (data). *Título do contido cun máximo de 20 palabras*. Nome do sitio. URL

### 5.7 Referencia de leis

Nome da lei. (Data). Fonte. Número de sección ou artigo.